

## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO

De conformidade co disposto no **artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación co artigo 168.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das bases do réxime local**, emito o presente **INFORME** para a súa incorporación ó expediente do orzamento xeral da entidade para o ano 2019, ós efectos de expoñer as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento:

### 1. Proxecto de Orzamento para o ano 2019

O proxecto de orzamento, que se presenta por esta Alcaldía á consideración do Pleno da Corporación atópase nivelado, e é como segue:

- Orzamento de ingresos: 7.174.436,38 €
- Orzamento de gastos: 7.174.436,38 €

### 2. Ingresos

- Con respecto ó IBI rústica e urbana, téñese en conta o padrón actual, incrementados nas contías do 10% de incremento que sofren algúns valores catastrais, consecuencia da ponencia de valores, e a porcentaxe do 0,4%, aplicable ó ano 2019, así como a recadación de anos anteriores
- Con respecto ó IVTM e ó IAE, tense en conta as recadacións dos últimos exercicios e os padróns fiscais do exercicio actual
- Con respecto ó IIVTNU, consíganse a contía minorada en función dos cambios legislativos que poidan regularse con respecto a este imposto.
- Con respecto ó ICIO, en función da recadación de anos anteriores e de licenzas de recente entrada no Concello e que conlevarán un ingreso do imposto no exercicio 2019.
- A recadación da Participación en tributos do Estado e do Fondo de Cooperación Local, en base os datos de que se dispoñen e que facilitan as Administracións correspondentes.
- As informacións facilitadas polas outras Administracións Públicas no referente a subvencións e demais axudas concedidas, algunhas delas garantidas para o ano 2019, como son o Plan único da Deputación, e a subvencións procedentes da Consellería de Política Social, o Convenio de Servizos Sociais da Deputación, que con carácter reiterado e en certa medida están garantidas pola diferente normativa.
- Con respecto ás taxas, téñese en conta a recadación dos últimos exercicios en base á aplicación das ordenanzas fiscais e non fiscais en vigor neste Concello e previstas para o ano 2019, así como as previsións contidas nas distintas áreas de prestación de servizos

do Concello, tendo en conta o número actual de usuarios e as actividades planificadas para o seu desenvolvemento.

3. Suficiencia dos créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos

Os ingresos correntes (Capítulo 1 a 5) son SUFICIENTES para afrontar os gastos correntes (Capítulo 1 a 5), e asegúrase a atención dos gastos de funcionamento dos servizos, contratados ou prestados, a presente data polo Concello de Bergondo.

En consecuencia, unha vez expostas as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigación previstas e os gastos de funcionamento deste Concello, dedúcese a efectiva nivelación do orzamento conforme ó establecido no parágrafo último do apartado 4 do artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e preséntase o Orzamento sen déficit inicial.

Bergondo, na data que figura na marxe  
A Alcaldesa

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez